

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Galega e Literatura	Páx.	1
Curso	Pendentes 1º ESO		
Profesorado responsable	Xefe/a departamento		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións)

1º EXAME

LÉXICO: Familia léxica e campo semántico.

EDUCACIÓN LITERARIA: Os textos literarios. A narración. Comprensión lectora.

FUNCIONAMENTO DA LINGUA: A estrutura das palabras. Lexemas e morfemas. O substantivo e o artigo. O adxectivo

ORTOGRAFÍA: A acentuación. B/V

2º EXAME

LÉXICO: Sinónimos e antónimos. A Homonimia.

EDUCACIÓN LITERARIA: A lírica. A estrofa. Cómputo silábico e recursos estilísticos.

FUNCIONAMENTO DA LINGUA: Conxugación verbal. Os adverbios. Oración simple (Suxeito e predicado)

ORTOGRAFÍA: Os signos de puntuación.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

A) INSTRUMENTOS:

- Fichas Exames.

B) CRITERIOS:

Fichas: 40%

Semanalmente o profesorado que imparte clase en 2º ESO entregará unha ou dúas fichas coa teoría básica e actividades sobre ela. Unha vez feitas e entregadas, devolveranse corrixidas, explicando os erros cometidos. Avaliarase este traballo sobre 4 puntos.

Exames: 60%

Ao longo do curso deberán facer dous exames (parciais) que puntuarán sobre 6. Nos exames entrará unha parte teórica e unha parte práctica seguindo o modelo das fichas.

IES AS TELLEIRAS – MATERIAS PENDENTES PRESENTACIÓN DA MATERIA

Materia	Lingua Galega e Literatura	Páx.	2
Curso	Pendentes 1º ESO		
Profesorado responsable	Eva Ríos Vázquez		

Para aprobar a materia por parciais é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5 despois de sumar a nota do traballo semanal (fichas) e a nota do exame.

De non ser así, terán que presentarse a un exame final de toda a materia que se puntuará sobre 10. Para aprobar é necesario acadar unha nota igual ou superior a 5.

A nota final da materia para os que teñan que ir ao exame final será a máis alta: ben a nota media dos parciais ou ben a nota do exame final.

O alumnado que non consiga o aprobado mediante este procedemento terá dereito a unha proba de recuperación na que entrarán todos os contidos do curso. Para aprobar a materia será imprescindible sacar unha nota igual ou superior a 4,5.